

Proposta de Actividades de Lengua, Lingua e Literatura para o alumnado de 6º EP

-> FALAR – 6: DITOS E RECITADOS

Esta quincena envíovos enlace a un proxecto do grupo **Migallas**: "Orella Pendella". Están a xuntar, ditos, recitados e cancións recollidas en toda Galicia. Espero que atopedes moitas curiosas que vos gusten.

Nesta tarefa tedes que ler algúns dos ditos e recitados recollidos na súa páxina web <https://orellapendella.gal/blog/> e, se vos animades, gravar un audio ou vídeo con algún:



Este proxecto quere difundir a literatura popular infantil de Galicia. Recuperar, coñecer e practicar os xogos verbais dos nosos avós para que sigan sendo unha ferramenta educativa e de lecer para os/as galegos/as do século XXI.

Na lingua galega hai infinidade de ditos, recitados, cancións, etc. que acompañaron as brincadeiras dos/as nenos/as. Moitos dos ditos populares de Galicia son comúns a varios pobos de Europa e, incluso, de América e de África. De aí a enorme variedade e as múltiples versións que podemos escoitar por veces dun mesmo recitado.

Podedes facer partícipes aos irmáns, irmás, papi, mami... para que aparezan con vós nos audios ou vídeos.

Ánimo e moita forza. Xuntos conseguiremolo. Eu confío en que podedes.

Mariana.